

## **“IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS DE MEDIOS DE PAGAMENTO NA FP” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.**

Convocatoria do programa “Implantación de ferramentas de medios de pagamento na formación profesional”, enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do desenvolvemento do espírito emprendedor, no marco de Eduemprende.

### **OBXECTIVOS**

Esta convocatoria ten por obxecto fomentar a educación financeira na formación profesional de forma que o alumnado poida coñecer de primeira man o manexo de un TPV e a xestión sobre diferentes formas de pagamento.

### **DESTINATARIOS**

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado que curse ensinanzas de formación profesional nas familias de Administración e Xestión, Hostalería e Turismo e de Comercio e Márketing en centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, nos que ditas ensinanzas estean sostidas con fondos públicos.

### **ACTIVIDADES**

A convocatoria está formulada en dúas modalidades ou opcións, unha máis práctica e outra teórica. Os centros poden elixir participar en ambas modalidades ou unicamente nunha delas.

#### **Opción I: Aprendendo cun TPV**

Os centros seleccionados serán dotados dun TPV virtual para a xeración de comercios virtuais e para a aprendizaxe do seu funcionamento.

A Fundación Galicia Obra Social entregará a cada centro participante un TPV virtual, na recepción da mesma o centro asinará un contrato de prestación de servizos facilitado pola entidade. O terminal será entregado ao centro en depósito, polo que este asumirá o risco da súa perda ou deterioro.

Cómpre que o TPV teña actividade ao longo do curso académico, xa que máis de nove meses sen actividade suporá a baixa do servizo. Os terminais serán devoltos á Fundación Galicia Obra Social cando se considere que non vaian ser de utilidade.

O centro recibirá asesoramento por teléfono ou por correo electrónico sobre a utilización do terminal sempre que o solicite; para iso cada centro designará unha persoa de contacto coa Fundación Galicia Obra Social.

As características de prestación do servizo de TPV físico regúlanse polas condicións que se xuntan a esta convocatoria como Anexo II.

### **Opción II: Aprendendo sobre os medios de pagamento.**

Actividade que unicamente se realizará de xeito virtual cunha duración aproximada de 90 minutos e consistirá nun coloquio que versará sobre o funcionamento dos medios de pagamento, a tipoloxía de tarxetas, as formas de operación, as novas tecnoloxías relacionadas con medios de pagamento e a súa evolución, riscos e controis que cómpre ter en conta, reclamacións e dereitos e responsabilidades de comerciantes e compradores.

### **SOLICITUDES**

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro, a [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: "*Solicitud programa Implantación de ferramentas de medios de pagamento 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

Unicamente será admitida unha única solicitude por centro.

## SELECCIÓN DOS CENTROS

Na Opción I: *Aprendendo cun TPV*, o número máximo de centros que poderán participar nesta actividade é de 5 no segundo e 5 no terceiro trimestre, sen que sexa posible a acumulación de prazas dun trimestre para outro. Non haberá número máximo de alumnado participante.

No caso que o número de solicitudes supere o número de prazas os centros seleccionaranse segundo os seguintes criterios:

1. Non ter participado na convocatoria anterior.
2. Número de alumnado participante.

Para esta valoración crearase unha comisión composta por:

- Dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Formación Profesional, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección.
- Unha persoa representante da Fundación Galicia Obra Social.

Na Opción II: *Aprendendo sobre os medios de pagamento*, non hai límite de centros participantes, todos os centros que remitan a solicitude en tempo e forma serán admitidos nesta actividade.

## TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

O programa comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.